

Considérase un accidente por caída a distinto nivel, aquela caída na que se salva unha diferenza de altura entre o plano onde se atopa o traballador e o lugar final onde cae.

As escaleiras fixas, de man e de tesoura poden ser utilizadas de xeito frecuente polo persoal:



A súa utilización pode provocar caídas e as consecuencias poden ser, en maior ou menor medida, graves: fracturas de diversa índole, lesións internas, escordaduras, leves contusións, etc. A gravidade da lesión dependerá de factores como por exemplo o xeito de caer, a altura desde a que caemos, a idade da persoa, etc.

O **risco aparece principalmente** cando para acceder a outra área, nivel ou zona, de traballo:

- O **estado das escaleiras** fixas que se utilizan, de man ou de tesoura **non é o axeitado**.
- O traballador **non observa e/ou non adopta** as precaucións de uso elementais:
 - a) Utilízanse medios auxiliares deteriorados.
 - b) Úsanse obxectos inadecuados ou inestables (caixas, cadeiras, etc.).
 - c) Úsanse os elementos auxiliares (escaleiras de man) de xeito indebido ou incorrecto.



Cando suba ou baixe polas escaleiras:

- Non corra ou salte polas escaleiras. Utilice todos os banzos evitando facelo de dous en dous.
- Evite solas esvaradías e no caso de usar tacóns extreme as medidas.
- Utilice a varanda, axudarlle a manter o equilibrio no caso de tropezar ou esvarar evitando a caída.
- Evite causas de distracción como, por exemplo, ler documentos, periódicos, realizar chamadas, etc. Mire sempre por onde pisa e apoie os pés.
- É importante colaborar no mantemento do bo estado da escaleira de tránsito. Se observa algunha anomalía (banzos rotos, alteracións na varanda, elementos antideslizantes deteriorados, derrames, etc.) extreme as precaucións e pónao en coñecemento do encargado ou responsable.

**Antes de utilizar escaleiras portátiles é conveniente que adopte as seguintes precaucións:**

- Realice unha revisión que advirta de posibles defectos como, por exemplo banzos ou largueiros astillados, cravos ou parafusos soltos, topes de retención rotos. Se detecta algunha anomalía informe de inmediato.
- Comprobe que o solo onde sitúa a escaleira está limpo e non esvara.
- Non substitúa as escaleiras por outros elementos (cadeiras, caixas, papeleiras u outros mobles auxiliares ...) que lle fagan perder o equilibrio e a estabilidade.

NON UTILICE ELEMENTOS INESTABLES NO LUGAR DE ESCALEIRAS PORTÁTILES